

**ACUERDO DE LA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA EL 26 DE
OCTUBRE DE 2018, RELATIVO AL ÁREA DE REGENERACIÓN Y
RENOVACIÓN URBANA CONXUNTO HISTÓRICO DE CAMBADOS
(PONTEVEDRA).**

**COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA.
PLAN ESTATAL DE VIVIENDA 2018-2021.
ANUALIDAD 2018**

ASISTENTES

Por el Ministerio de Fomento, la Secretaria General de Vivienda,

D^a. Helena Beunza Ibáñez

Por la Comunidad Autónoma de Galicia, la Conselleira de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda y Presidenta del Instituto Gallego de la Vivienda y Suelo, que actúa, por resolución de avocación de la competencia de fecha 22 de octubre de 2018, al amparo de lo establecido en el artículo 49 del R.D. 106/2018, de 9 de marzo,

D^a. Ángeles Vázquez Mejuto

Por el Ayuntamiento de Cambados, la Alcaldesa,

D^a Fátima Abal Roma

**ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 26 DE
OUTUBRO DE 2018, RELATIVO Á ÁREA DE REXENERACIÓN E
RENOVACIÓN URBANA CONXUNTO HISTÓRICO DE CAMBADOS
(PONTEVEDRA).**

**COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.
PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021.
ANUALIDADE 2018**

ASISTENTES

Polo Ministerio de Fomento, a Secretaria Xeral de Vivenda,

D^a. Helena Beunza Ibáñez

Pola Comunidade Autónoma de Galicia, a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que actúa, por resolución de avocación da competencia de data 22 de outubro de 2018, ao abeiro do establecido no artigo 49 do R.D. 106/2018, do 9 de marzo,

D^a. Ángeles Vázquez Mejuto

Polo Concello de Cambados, a Alcaldesa,

D^a Fátima Abal Roma

En Santiago de Compostela, a 26 de octubre de 2018, reunidas las personas relacionadas, al objeto de suscribir el acuerdo de financiación para la realización conjunta de las obras de rehabilitación en edificios y viviendas, y demás aspectos específicos del **Área de Regeneración y Renovación Urbana Conxunto Histórico de Cambados (Pontevedra)**, en el marco del Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, por el que se regula el Plan Estatal de Vivienda 2018-2021 (en adelante, R.D. 106/2018),

MANIFIESTAN

1. Que la Comunidad Autónoma de Galicia ha solicitado la financiación del **Área de Regeneración y Renovación Urbana Conxunto Histórico de Cambados**, conforme a lo establecido en el artículo 49 del R.D. 106/2018 y con lo acordado en la Cláusula Novena del Convenio suscrito el 30 de julio de 2018 entre el Ministerio de Fomento y la Comunidad Autónoma de Galicia para la ejecución del Plan Estatal de Vivienda 2018-2021 (en adelante, PEV).
2. Que el R.D. 106/2018 regula, entre otras ayudas, la relativa al Programa de fomento de la regeneración y renovación urbana y rural, que tiene por objeto la financiación de la realización conjunta de obras de rehabilitación en edificios y viviendas, de urbanización o reurbanización de espacios públicos y, en su caso, de edificación de edificios o viviendas en sustitución de edificios o viviendas demolidos, dentro de ámbitos de actuación denominados área de

En Santiago de Compostela, a 26 de outubro de 2018, reunidas as persoas relacionadas, co obxecto de suscribir o acordo de financiamento para a realización conxunta das obras de rehabilitación en edificios e vivendas, e demais aspectos específicos da **Área de Rexeneración e Renovación Urbana Conxunto Histórico de Cambados (Pontevedra)**, no marco do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante, R.D. 106/2018),

MANIFESTAN

1. Que a Comunidade Autónoma de Galicia solicitou o financiamento da **Área de Rexeneración e Renovación Urbana Conxunto Histórico de Cambados**, conforme ao establecido no artigo 49 do R.D. 106/2018 e co acordado na Cláusula Novena do Convenio suscrito o 30 de xullo de 2018 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante, PEV).
2. Que o R.D. 106/2018 regula, entre outras axudas, a relativa ao Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, que ten por obxecto o fianciamento da realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificación de edificios ou vivendas en substitución de edificios ou vivendas demolidos, dentro de ámbitos de actuación denominados área de

regeneración y renovación urbana o rural previamente delimitados.

3. Que el ámbito de la actuación del Área de Regeneración y Renovación Urbana objeto de financiación se encuentra situado en el Conxunto Histórico de Cambados.
4. Que la Comunidad Autónoma de Galicia manifiesta que la actuación cumple con los requisitos establecidos en el artículo 48 del R.D. 106/2018, relativos a la delimitación territorial del Área y a los límites de edificabilidad destinada al uso residencial de vivienda.
5. Que en el Área de Regeneración y Renovación Urbana objeto del presente Acuerdo se ha programado **la rehabilitación de 10 viviendas**, estimándose un coste total de la actuación de **330.000,00 €**, que se desglosa en los siguientes conceptos:

rexeneración e renovación urbana ou rural previamente delimitados.

3. Que o ámbito da actuación da Área de Rexeneración e Renovación Urbana obxecto de financiamento atópase situado no Conxunto Histórico de Cambados.
4. Que a Comunidade Autónoma de Galicia manifesta que a actuación cumpre cos requisitos establecidos no artigo 48 do R.D. 106/2018, relativos á delimitación territorial da Área e aos límites de edificabilidade destinada ao uso residencial de vivenda.
5. Que na Área de Rexeneración e Renovación Urbana obxecto do presente Acordo programouse **a rehabilitación de 10 vivendas**, estimándose un custo total da actuación de **330.000,00 €**, que se desagrega nos seguintes conceptos:

Coste total de las obras de Rehabilitación / Custo total das obras de Rehabilitación	300.000,00 €
Coste total del Equipo Técnico de Gestión / Custo total do Equipo Técnico de Xestión	30.000,00 €
COSTE TOTAL DE LA ACTUACIÓN / CUSTO TOTAL DA ACTUACIÓN	330.000,00 €

Analizados los antecedentes anteriormente expuestos, y de conformidad con el artículo 47 y siguientes del Programa de fomento de la regeneración y renovación urbana y rural del R.D. 106/2018, se adoptan los siguientes:

Analizados os antecedentes anteriormente expostos, e de conformidade co artigo 47 e seguintes do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do R.D. 106/2018, adóptanse os seguintes:

ACUERDOS

Primero.- Declaración de Área de Regeneración y Renovación Urbana.

El ámbito del Área de Regeneración y Renovación Urbana Conxunto Histórico de Cambados se encuentra delimitado por la Comunidad Autónoma de Galicia, a los efectos previstos en el apartado a) del artículo 48 del R.D. 106/2018, con fecha 10 de diciembre de 2001.

Segundo.- Condiciones de los beneficiarios.

Podrán ser beneficiarios de las ayudas del Programa de regeneración y renovación urbana y rural, quienes se encuentren incluidos en alguno de los supuestos establecidos en los apartados 1 y 2 del artículo 50 del R.D. 106/2018.

Tercero.- Financiación de las actuaciones.

- El **Ministerio de Fomento** aportará la cantidad de **121.891,87 €**, representando dicho importe un porcentaje estimado del **36,94%** del coste total de tales actuaciones.
- La **Comunidad Autónoma de Galicia** aportará la cantidad de **44.417,40 €**, lo que representa un porcentaje total estimado del **13,46%**.

ACORDOS

Primeiro.- Declaración de Área de Rexeneración e Renovación Urbana.

O ámbito da Área de Rexeneración e Renovación Urbana Conxunto Histórico de Cambados atópase delimitado pola Comunidade Autónoma de Galicia, aos efectos previstos no apartado a) do artigo 48 do R.D. 106/2018, con data 10 de decembro de 2001.

Segundo.- Condicións dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas do Programa de rexeneración e renovación urbana e rural, aqueles que se atopen incluídos nalgún dos supostos establecidos nos apartados 1 e 2 do artigo 50 do R.D. 106/2018.

Terceiro.- Financiamento das actuacións.

- O **Ministerio de Fomento** achegará a cantidade de **121.891,87 €**, representando o dito importe unha porcentaxe estimada do **36,94%** do custo total de tales actuacións.
- A **Comunidade Autónoma de Galicia** achegará a cantidade de **44.417,40 €**, o que representa unha porcentaxe total estimada do **13,46%**.

- El **Ayuntamiento de Cambados** aportará la cantidad de **13.690,73 €**, lo que representa un porcentaje total estimado del **4,15%**.
- Los **particulares** aportarán la cantidad de **150.000,00 €**, lo que representa el **45,45%** del coste total de las actuaciones.
- O **Concello de Cambados** achegará a cantidade de **13.690,73 €**, o que representa unha porcentaxe total estimada do **4,15%**.
- Os **particulares** achegarán a cantidade de **150.000,00 €**, o que representa o **45,45%** do custo total das actuacións.

La Comunidad Autónoma de Galicia certifica mediante la suscripción de este documento que el coste total de las actuaciones subvencionables, excluidos impuestos, tasas o tributos, no supera los costes medios de mercado que a tales actuaciones correspondan en esa Comunidad Autónoma.

La participación de los agentes intervinientes, según el tipo de actuaciones, será la siguiente:

A Comunidade Autónoma de Galicia certifica mediante a subscrición deste documento que o custo total das actuacións subvencionables, excluídos impostos, taxas ou tributos, non supera os custos medios de mercado que a tales actuacións correspondan nesa Comunidade Autónoma.

A participación dos axentes intervinientes, segundo o tipo de actuacións, será a seguinte:

ACTUACIÓN	COSTE TOTAL / CUSTO TOTAL	MINISTERIO DE FOMENTO	COMUNIDAD AUTÓNOMA / COMUNIDADE AUTÓNOMA	AYUNTAMIENTO / CONCELLO	PARTICULARES
Rehabilitación	300.000,00 €	120.000,00 €	30.000,00 €	0,00 €	150.000,00 €
Equipo Técnico de Gestión / Equipo Técnico de Xestión	30.000,00 €	1.891,87 €	14.417,40 €	13.690,73 €	0,00 €
TOTAL	330.000,00 €	121.891,87 €	44.417,40 €	13.690,73 €	150.000,00 €
% PARTICIPACIÓN	100%	36,94%	13,46%	4,15%	45,45%

La inversión acordada para cada una de las partes se distribuye en las siguientes anualidades:

O investimento acordado para cada unha das partes distribúese nas seguintes anualidades:

ANUALIDAD / ANUALIDADE	MINISTERIO DE FOMENTO	COMUNIDAD AUTÓNOMA / COMUNIDADE AUTÓNOMA	AYUNTAMIENTO / CONCELLO	PARTICULARES	TOTAL
2018	121.891,87 €	44.417,40 €	13.690,73 €	150.000,00 €	330.000,00 € €
TOTAL	121.891,87 €	44.417,40 €	13.690,73 €	150.000,00 €	330.000,00 € €

Cuarto.- Otros compromisos.

La Comunidad Autónoma de Galicia se obliga a dar cumplimiento a los siguientes compromisos:

1. Tramitar y gestionar la financiación de la actuación conforme a lo establecido en el apartado 2 del artículo 5, y en el artículo 47 y siguientes del R.D. 106/2018, así como en el Convenio suscrito entre el Ministerio de Fomento y la Comunidad Autónoma de Galicia para la ejecución del Plan.

Cuarto.- Outros compromisos.

A Comunidade Autónoma de Galicia obrígase a dar cumprimento aos seguintes compromisos:

1. Tramitar e xestionar o financiamento da actuación conforme ao establecido no apartado 2 do artigo 5, e no artigo 47 e seguintes do R.D. 106/2018, así como no Convenio subscrito entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan.

2. Adoptar las medidas necesarias, tanto de carácter normativo como en el ámbito de la gestión que procedan, actuando como ente Gestor y promotor de la actuación el ayuntamiento de Cambados.
 3. Comunicar al Ministerio de Fomento la relación de beneficiarios de las ayudas, de conformidad con los protocolos de información acordados.
 4. Certificar que los beneficiarios acogidos a las ayudas de la presente Área no han sido perceptores de las ayudas estatales correspondientes a los programas de mejora de la eficiencia energética y sostenibilidad en viviendas, de fomento de la conservación, de la mejora de la seguridad de utilización y de la accesibilidad en viviendas, de fomento del parque de vivienda en alquiler y de fomento de viviendas para personas mayores y personas con discapacidad, todos ellos del PEV.
 5. Supervisar las actuaciones, incluidas las de los proyectos y del desarrollo de las obras, conforme a lo establecido en el R.D. 106/2018 y en el mencionado Convenio.
 6. Determinar un procedimiento de distribución de los recursos que asegure los principios de objetividad y publicidad, garantizando la transparencia de la actuación administrativa.
 7. Informar de la finalización de la actuación al Ministerio de Fomento, en un plazo máximo de un mes desde la misma y en todo caso con una antelación mínima de veinte días a la posible inauguración
2. Adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter normativo como no ámbito da xestión que procedan, actuando como ente Xestor e promotor da actuación o concello de Cambados.
 3. Comunicar ao Ministerio de Fomento a relación de beneficiarios das axudas, de conformidade cos protocolos de información acordados.
 4. Certificar que os beneficiarios acollidos ás axudas da presente Área non foron perceptores das axudas estatais correspondentes aos programas de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, de fomento do parque de vivenda en aluguer e de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, todos eles do PEV.
 5. Supervisar as actuacións, incluídas as dos proxectos e do desenvolvemento das obras, conforme ao establecido no R.D. 106/2018 e no mencionado Convenio.
 6. Determinar un procedemento de distribución dos recursos que asegure os principios de obxectividade e publicidade, garantindo a transparencia da actuación administrativa.
 7. Informar da finalización da actuación ao Ministerio de Fomento, nun prazo máximo dun mes desde a mesma e en todo caso cunha antelación mínima de vinte días á posible inauguración oficial. E ao

oficial. Y al efecto, remitir en los mismos plazos un Informe final y resumido de la misma que recogerá toda la información relevante y definitoria de la actuación.

8. Conceder y gestionar, con cargo a su presupuesto, el abono de las ayudas autonómicas complementarias a las estatales, debiendo remitir al Ministerio de Fomento toda la información necesaria para el seguimiento de las actuaciones y, en especial, la relativa al estado de ejecución de los fondos transferidos por el Ministerio como de los fondos transferidos por la Comunidad Autónoma de Galicia, de conformidad con la Cláusula Decimotercera del referenciado Convenio.
9. Remitir la certificación justificativa de la inversión realizada correspondiente a las actuaciones del presente Acuerdo. En el caso de ejecución de actuaciones de las establecidas en el artículo 36 del R.D. 106/2018, se deberá incorporar la documentación complementaria justificativa de reducción de la demanda energética anual global correspondiente.

El Ayuntamiento de Cambados se obliga a dar cumplimiento a los siguientes compromisos:

1. Aplicar las exenciones del pago de licencias y tasas municipales, de conformidad con las Ordenanzas municipales.
2. Realizar todas las actuaciones que sean necesarias para la materialización del presente acuerdo.

efecto, remitir nos mesmos prazos un Informe final e resumido da mesma que recollerá toda a información relevante e definitoria da actuación.

8. Conceder e xestionar, con cargo ao seu orzamento, o pagamento das axudas autonómicas complementarias ás estatais, debendo remitir ao Ministerio de Fomento toda a información necesaria para o seguimento das actuacións e, en especial, a relativa ao estado de execución dos fondos transferidos polo Ministerio como dos fondos transferidos pola Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade coa Cláusula Decimoterceira do referenciado Convenio.
9. Remitir a certificación xustificativa do investimento realizado correspondente ás actuacións do presente Acordo. No caso de execución de actuacións das establecidas no artigo 36 do R.D. 106/2018, deberase incorporar a documentación complementaria xustificativa de redución da demanda enerxética anual global correspondente.

O Concello de Cambados obrígase a dar cumprimento aos seguintes compromisos:

1. Aplicar as exencións do pagamento de licenzas e taxas municipais, de conformidade coas Ordenanzas municipais.
2. Realizar todas as actuacións que sexan necesarias para a materialización do presente acordo.

3. Publicar una convocatoria en el plazo de 4 meses desde la firma de este acuerdo para la concesión de las subvenciones previstas para este ámbito.

Quinto.- Seguimiento del Acuerdo.

El seguimiento de las actuaciones correspondientes a esta Área será efectuado por la Comisión Bilateral de Seguimiento prevista en el Convenio suscrito entre el Ministerio de Fomento y la Comunidad Autónoma de Galicia para la ejecución del PEV.

Dicha Comisión verificará el cumplimiento de las previsiones contenidas en este Acuerdo de la Comisión Bilateral, realizando las modificaciones, reajustes o toma de decisiones que resulten necesarios, ante las eventualidades que pudieran producirse, a fin de asegurar el desarrollo de las actuaciones hasta su total ejecución, de conformidad con lo establecido en el artículo 74.3 del R.D. 106/2018 y en el referenciado Convenio.

Sin perjuicio de lo anteriormente expuesto, el Ministerio de Fomento podrá realizar las comprobaciones, visitas y actuaciones necesarias para verificar el estado de ejecución de las obras así como el cumplimiento de los compromisos adquiridos en el presente Acuerdo.

Sexto.- Información pública de la actuación.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 5.3 del R.D. 106/2018 y,

3. Publicar unha convocatoria no prazo de 4 meses desde a sinatura deste acordo para a concesión das subvencións previstas para este ámbito.

Quinto.- Seguimento do Acordo.

O seguimento das actuacións correspondentes a esta Área será efectuado pola Comisión Bilateral de Seguimento prevista no Convenio suscrito entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do PEV.

A dita Comisión verificará o cumprimento das previsións contidas neste Acordo da Comisión Bilateral, realizando as modificacións, reajustes ou toma de decisións que resulten necesarios, ante as eventualidades que puidesen producirse, a fin de asegurar o desenvolvemento das actuacións ata a súa total execución, de conformidade co establecido no artigo 74.3 do R.D. 106/2018 e no referenciado Convenio.

Sen prexuízo do anteriormente exposto, o Ministerio de Fomento poderá realizar as comprobacións, visitas e actuacións necesarias para verificar o estado de execución das obras así como o cumprimento dos compromisos adquiridos no presente Acordo.

Sexto.- Información pública da actuación.

De conformidade co disposto no artigo 5.3 do R.D. 106/2018 e, tendo en

teniendo en cuenta lo previsto en la Cláusula Decimosexta del Convenio suscrito para la ejecución del PEV, al objeto de garantizar la transparencia hacia los ciudadanos beneficiarios y de informar a la opinión pública, las Administraciones se comprometen a informar de la manera más adecuada sobre las aportaciones económicas de las partes firmantes y en especial a:

- Colaborar activamente para potenciar la difusión de información acerca de las medidas del PEV.
- Hacer constar la participación de las distintas Instituciones en cuanta información pública se edite por cualquier medio, incluidos los medios electrónicos. La promoción, publicidad e información de las actuaciones del PEV y la documentación facilitada a sus beneficiarios, realizada por cualquiera de las Administraciones Públicas o Instituciones, deberá incluir en todo caso la imagen institucional del Gobierno de España-Ministerio de Fomento. Las resoluciones de concesión de las ayudas y los actos de notificación de estas, así como cualesquiera otras dirigidas a los beneficiarios del Plan deberán expresar igualmente que éstas están financiadas con cargo a fondos del Estado.
- La inclusión de forma visible de la imagen institucional del Gobierno de España- Ministerio de Fomento junto a la de la Comunidad Autónoma en los carteles exteriores descriptivos de las obras en la zona de actuación. En éstos figurará, además, el importe de la subvención aportada por el Ministerio de Fomento con una tipografía y tamaño igual a los empleados para referirse

conta o previsto na Cláusula Decimosexta do Convenio suscrito para a execución do PEV, ao obxecto de garantir a transparencia cara aos cidadáns beneficiarios e de informar á opinión pública, as Administracións comprométese a informar da maneira máis adecuada sobre as achegas económicas das partes asinantes e en especial a:

- Colaborar activamente para potenciar a difusión de información acerca das medidas do PEV.
- Facer constar a participación das distintas Institucións en canta información pública se edite por calquera medio, incluídos os medios electrónicos. A promoción, publicidade e información das actuacións do PEV e a documentación facilitada aos seus beneficiarios, realizada por calquera das Administracións Públicas ou Institucións, deberá incluír en todo caso a imaxe institucional do Goberno de España-Ministerio de Fomento. As resolucións de concesión das axudas e os actos de notificación destas, así como calquera outras dirixidas aos beneficiarios do Plan deberán expresar igualmente que estas están financiadas con cargo a fondos do Estado.
- A inclusión de forma visible da imaxe institucional do Goberno de España- Ministerio de Fomento xunto á da Comunidade Autónoma nos carteis exteriores descriptivos das obras na zona de actuación. Nestes figurará, ademais, o importe da subvención achegada polo Ministerio de Fomento cunha tipografía e tamaño igual aos empregados para referirse á participación da

a la participación de la Comunidad Autónoma.

- En el caso de instalación de placas o identificativos de carácter permanente en el exterior de las viviendas, deberá incluirse en aquellos la referencia a la financiación con cargo al PEV.

Séptimo.- Abono de la subvención por el Ministerio de Fomento.

El abono de la subvención a cargo del Ministerio de Fomento se realizará a la Comunidad Autónoma de Galicia, conforme a lo establecido en el Convenio suscrito para la ejecución del PEV.

Octavo.- Duración del acuerdo.

En virtud de lo previsto en el artículo 54 del R.D. 106/2018, la actuación financiada en su conjunto deberá estar finalizada en el plazo máximo de 5 años desde la firma del presente Acuerdo.

No obstante, se estará a lo dispuesto a lo establecido en la Cláusula Decimoséptima del Convenio suscrito con la Comunidad Autónoma de Galicia para la ejecución del PEV, en relación con la modificación y resolución del Convenio.

Comunidade Autónoma.

- No caso de instalación de placas ou identificativos de carácter permanente no exterior das vivendas, deberá incluirse naqueles a referencia ao financiamento con cargo ao PEV.

Sétimo.- Pagamento da subvención polo Ministerio de Fomento.

O pagamento da subvención a cargo do Ministerio de Fomento realizarase á Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao establecido no Convenio suscrito para a execución do PEV.

Oitavo.- Duración do acordo.

En virtude do previsto no artigo 54 do R.D. 106/2018, a actuación financiada no seu conxunto deberá estar finalizada no prazo máximo de 5 anos desde a sinatura do presente Acordo.

Non obstante, estarase ao disposto ao establecido na Cláusula Decimoséptima do Convenio suscrito coa Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do PEV, en relación coa modificación e resolución do Convenio.

Sin más asuntos que tratar y en prueba de conformidad con cuanto antecede, los comparecientes lo firman en el lugar y fecha indicados,

Sen máis asuntos que tratar e en proba de conformidade con canto antecede, os comparecentes asínano no lugar e data indicados,

LA SECRETARIA GENERAL DE VIVIENDA

**A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA E PRESIDENTA
DO IGVS**

A ALCALDESA DE CAMBADOS

HELENA BEUNZA IBÁÑEZ

ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO

FÁTIMA ABAL ROMA